

ASUNTO: EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Solicitud por parte do Grupo Municipal Socialista dun Pleno Extraordinario para tratar o deterioro da Praia da Magdalena”

Acudimos a este Pleno Extraordinario ante a notificación da secretaria xeral do Concello para tratar o deterioro da Praia da Magdalena. Realizao por mandato legal do artigo 46.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local. É dicir porque non ten máis remedio. O Sr. Alcalde tiña unha oportunidade de ouro para dar un exemplo de respecto democrático atendendo, motu proprio, a solicitude socialista. Pero Cedeira non ten esa sorte.

O Grupo Municipal Socialista realizou a correspondente solicitude como resultado da asunción do acordo da PLATAFORMA formada por ANOVA, BNG, IU, PSdeG-PSOE e A.VV. de Piñeiro de promover a realización dun pleno extraordinario do Concello de Cedeira para debater e votar medidas que nos permitan mirar o futuro con esperanza.

Por todo elo o Grupo Municipal Socialista, conscente de que este tema é a punta do iceberg, síntoma de actitudes transversais que veñen de lonxe e que nos fan responsables a máis dos que agora parecen obvios culpables e a máis institucións das que aquí se nomean, pasa a fixar a súa posición na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. A PRAIA DA MAGDALENA É PARTE DUN SISTEMA MÁIS AMPLO E COMPLEXO

A ria de Cedeira é un sistema composto de varios compoñentes interrelacionados que se inflúen mutuamente e como tal conxunto debe ser tratado. Ríos, regatos, xunqueiras, cantís, praias, construcións, actividades humanas, lúdicas, extractivas, pesqueiras, etc. obrígnanos a considerar a Magdalena como parte dunha realidade ampla e complexa.

2. O REALIZADO ATA AGORA POR COSTAS NON ACADA A SUFICIENCIA

As hemerotecas dan fe das denuncias que os socialistas levamos anos realizando sobre a **insuficiencia das medidas de trasvase de áridos** levadas a cabo polas autoridades de Costas. O seu elevado custo, a insostibilidade no tempo, foron postos de manifesto en repetidas ocasións polos nosos representantes.

3. DIMISIÓN DE RAFAEL EIMIL APENELA

Non nos enganemos, a traxedia da praia da Magdalena é produto da falla de previsión. Asistimos aos temporales cunha pasividade culpable, esperando que cheguen os cartos de Madrid para ocultar incompetencias e comprar vontades. Por iso sentímonos na obriga de pedir a renovación das estruturas da Demarcación de Costas de Galicia.

4. LEVAMOS ANOS “VENDO CHOVER”

A carencia de estudos completos e pormenorizados sobre a dinámica da nosa ría fai que funcionemos a impulsos, detrás dos temporales en lugar de adiantarnos aos seus desastres.

A complacencia que amosa Demarcación de Costas de Galicia a respecto das supostas dificultades de realizar estudos que nos permitan comprender os movementos naturais da area incapacítaos para seguir xestionando as inxentes cantidades de diñeiro que manexan.

5. APOIAMOS MEDIDAS URXENTES

A posición da Agrupación Local do PSdeG-PSOE aproba a necesidade de abordar medidas urxentes, de natureza blanda e reversible que deteñan a sangría que está a sufrir o sistema dunar.

Neste momento, Demarcación de Costas de Galicia está executando un proxecto revestido cos mesmos argumentos, pero que suscita en nós reparos que

nos distancian desta intervención. A tardanza na súa execución, a opacidade na súa exposición, a ausencia de xustificación entre o que se vai gastar e o que se vai facer, as dúbidas que ofrece a ubicación dos puntales sitúanos no terreo do excepticismo.

6. NON ÁS “ACTUACIONES EN LA MORFOLOGÍA EN LA PLAYA DE LA MAGDALENA” PROPOSTAS NA “MEMORIA RESUMEN” POR DEMARCACIÓN DE COSTAS DE NOVIEMBRE 2013

Aquela proposta, na que, por certo, non se incluía a intervención que hoxe se está levando cabo, debe ser retirada de inmediato, por irreflexiva e oportunista e proceder coa metodoloxía que se propón na presente moción.

7. LEVAMOS DÉCADAS ABUNDANDO NUN URBANISMO CULPABLE

A locura constructiva, carente de controis públicos respectuosos co medio ambiente, levantou no frente de praia toda unha panoplia de edificios, de carácter público uns, e privados a maioría, que constitúen un muro que fai imposible o desenvolvemento urbanístico do solo posterior e cercena a dinámica ecolóxica da praia e da traspraia.

8. USAMOS INXENTES CANTIDADES DE DIÑEIRO PROCEDENTE DE EUROPOA NUN PASEO MARÍTIMO QUE NON AMOSA O MAR

As autoridades locais e as de Costas da Coruña utilizaron grandes cantidades de euros, grandes esforzos da cidadanía, moitas dosis de inxusticia enganando aos antigos propietarios e moita irresponsabilidade etnográfica tirando as vellas fábricas de pedra, mentras noutros concellos transformáronas en museos ou piscinas municipais. En ningún outro país da Europa culta e respetuosa coa súa historia se permitiría tanta barbaridade.

9. OS XESTORES QUE SOTERRARON A PRAIA MÁIS ENSALZADA NA SÚA MÚSICA POPULAR, BAIXO TONELADAS DE ROCHA E FORMIGÓN

O custo que a nosa natureza pagou en aras dun progreso que parece ter o dereito de xustificar todo tipo de intervención, foi ben grande no que se refire ás prais de Cedeira. Xa ninguén poderá esperar aos nosos mariñeiros na praia do Baradeiro mentras a praia da Arealonga é unha triste caricatura do que noutrora fora a mellor praia de Cedeira. Hoxe, coa lexislación existente, sería imposible facer o que as urxencias do pasado permitiron.

10. UNHA ESTACIÓN DEPURADORA QUE FUNCIONA A MEDIO GAS

Ustedes están permitíndolle ás autoridades de Augas de Galicia que fagan deixación das súas responsabilidades e utilizan o erario público en ornato supérfluo, incluso interesado, mentras o noso sistema de depuración se amosa incapaz de asumir o buollón das frecuentes treboadas. As análises bioquímicas das augas da ria devólvennos resultados negativos habituais, mentres se permite o baño na Madalena. A complacencia do grupo de goberno fronte á ausencia dunha rede separativa completa ou dun tanque de tormentas ou a cautrización do antigo emisario submarino que podería servir para situacións de emerxencia, deixan ben ás claras o tipo de dirixentes que ten Cedeira.

11. UN DIQUE PORTUARIO DO QUE DESCOÑECEMOS OS SEUS EFECTOS

Quenes temos certa idade e vimos no pasado a insuficiencia da vella Punta do Muelle para protexer as nosas embarcacións a pesar da intensa actividade puntaleira que nela se realizaba, non podemos negar a necesidade dunhas instalación portuarias que defendesen a nosa frota e albergasen instalacións que levaran á medernidade a nosa práctica pesqueira. Pero ninguén nos demostrou

mediante estudos contrastables, o que hoxe chamamos de impacto ambiental, que este é o mellor proxecto e a ubicación adecuada.

12. XARDÍNS VERSUS POBO PESQUEIRO

A destrucción da praza do peixe, a construción da ponte que os outros activistas chamaron da “porcada” e a eliminación das ramplas obrigou ao abandono das pequenas embarcacións da desembocadura do Condomiñas. A caracterización de Cedeira como vila mariñeira que tanto tirón podía ter desde o punto de vista social, turístico e laboral, recibeu o tiro de gracia coa intervención urbanística de Rubido e a anuencia e financiamento das autoridades de Costas. Hoxe, as fotos nas que se vian as embarcacións fondeadas diante das fermosas galerías do Pinzón son sinxelamente imposibles.

13. UNHA SOCIEDADE QUE NON RESPECTA A BIODIVERSIDADE ESTÁ CONDENADA A DESAPARECER. NON SE TRATA DUN TEMA TÉCNICO OU ACADÉMICO, SENÓN DE RESPONSABILIDADE POLÍTICA

Os naturalistas e especialmente os Botánicos, transmítennos a súa preocupación pola desaparición das paredes do Castelo da especie protexida *Crepis novoana*, da que existen so 1243 individuos repartidos nunha única poboación restrinxida, case exclusivamente aos cantís de Cedeira. Efectivamente, destácase na bibliografía a localización nas “murallas do Castelo”, que foron sulfatadas, aniquilando os poucos individuos aquí asentados.

14. O CAMBIO CLIMÁTICO COMEZA A DAR OS SEUS PRIMEIROS SÍNTOMAS

A comunidade científica internacional leva anos advertíndonos de que os gases de efecto invernadoiro nesta sociedade que obtén a súa enerxía dos combustibles fósiles, implican o incremento da temperatura media do planeta o que, entre outras consecuencias traerá a retracción dos casquetes polares e das

linguas glaciares para incorporarse en forma de auga líquida aos océanos que ven de este modo incrementado o seu nivel.

Todo elo está hoxe sobradamente contrastado e só uns dirixentes irresponsables seguen a mirar para algún primo físico que según Rajoy nega a evidencia e que, de seguir en exercicio, debería abandonar as aulas españolas no menor tempo posible. Desta maneira evitan tomar decisións que estimulen e favorezan o desenvolvemento das enerxías renovables que van en detrimento das grandes petroleiras. O actual goberno do PP acaba de eliminar as primas que estimularon durante anos o desenvolvemento da enerxía fotovoltaica eólica que converteron a este país en punteiro no mundo.

Hai científicos que cuantifican a relación entre cada centímetro de ascenso do nivel do mar co avance do frente de ondas mariñas nun par de metros. E neste tampouco parece haber dúbidas, nas nosas costas constátase a suba de entre un e dous milímetros anuais que ao cabo de 10 anos se transforman en un ou dous centímetros. Non debería pois estrañarnos o clamoroso retroceso do frente dunar da nosa praia, das praias colindantes e doutras moitas cantábricas e atlánticas.

Todo isto pon en entredito a política de paseos marítimos deseñados sen perspectiva, mirando polo curto prazo, custase o que custase. Houbo tempos nos que unha vila que carecese dun paseo marítimo non merecía a consideración de moderna. Había que formigonar as beiras do mar, e en Cedeira, a maiores, había que tirar de forma indiscriminada todas as fábricas de conservas, expresión dunha historia industrial que falaba ben do noso pasado e que podían terse aproveitado de mil maneiras, se tivesemos contado con responsables políticos que fosen dignos deste nome.

15. AS HEMEROTECAS DAN FE DAS NOSAS DENUNCIAS

Levamos advertíndolles desde os primeiros momentos desta lexislatura os graves riscos que esta a sufrir a praia da Madalena

1. O **6 de febrero de 2013** rexeitaron vostedes a urxencia dunha moción presentada polos socialistas no sentido de tramitar diante da Demarcación de Costas de Galicia “a esixencia de solucións a curto, medio e longo prazo para que este problema se resolva de forma satisfactoria”.
2. O **7 de marzo do 2013** reiteramos outra moción na que expresábamos que os trasvases de áridos amosábanse fracasados como método para afrontar o problema dos arrastres de área, tanto desde o punto de vista económico como ecolóxico. Trasladámoslles a nosa preocupación polo risco que representa un noiro de tamaño dimensión e de forma literal trasladámoslles “que Costas está tomando moi á lixeira todo o que nos está pasando e (...) queremos que se fagan os **estudios medioambientais** necesarios para resolver de forma definitiva o problema da praia da da Madalena. Vostede, Sr. Rubido, defendeu o voto en contra
3. En **maio de 2013** presentamos unha pregunta referente á reparación do desnivel no noiro da Praia, realizada polo propio do Concello de Cedeira comendolle a vexetación do cume, sen ter competencias para elo.
4. No pasado mes de **marzo de 2014** presentamos unha moción por vía de urxencia na mesma dirección que, unha vez máis, vostedes rexeitaron.

Hoxe, a praia da Madalena practicamente non existe. De marea chea a superficie de area seca, desde o rio ata a volta, é mínimo ou inexistente.

Por todo elo propoñemos para a súa aprobación polo pleno da Corporación a seguinte batería de medidas:

1.- Impulsar a realización de cantos estudos sexan necesarios para comprender a dinámica xeral da ría de Cedeira.

2.- Elaborar con rigor medidas que fagan posible o seu aproveitamento social e económico nun marco de sustentabilidade do medio natural.

3.- Implicar a todas as institucións políticas na súa execución e financiamento.

4.- Convocar á comunidade científica, especialmente galega, a protagonizar este traballo.

En Cedeira, a 09 de maio de 2014

JOSÉ LUIS VERGARA REY

Voceiro do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA